



## Samuel Juárez

Conselleiro do Medio Rural

10

PROXECTO INCITE

09

ASEMBLEA DE SOCIOS

07

Amigos e amigas do Porco Celta:

O número 5 da Revista ASOPORCEL, como poderedes comprobar, ven cargado de contidos que reflexan a actividade frenética da Asociación neste primeiro semestre do ano 2010. Unha actividade que se espalla a todas as fronteiras de actuación que a Asociación ten abertas arredor do Porco Celta.

O logro máis salientable nestes primeiros meses de 2010, acadado pola nosa Asociación, a do Porco Celta, é sen dúbida, a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, convenio asinado o pasado mes de abril en Lugo, e no que tivemos a honra de contar coa presenza do Conselleiro, D. Samuel Juárez, a quen especialmente agradecemos a deferencia e o esforzo de ter estado connosco.

Un convenio que supón unha aportación de 70.000 euros anuais por catro anos e que ASOPORCEL destinará a seguir traballando polo avance e mellora da nosa Raza Porcina Celta. Como sabedes a nosa Asociación é una entidade colaboradora da Consellería do Medio Rural nas actividades do Programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, e en concreto do Porco Celta.

Por iso, a aposta que a Consellería do Medio Rural leva a cabo sobre o proxecto do Porco Celta, e que se plasma neste convenio, non caerán en saco roto. Pois os beneficios económicos e sociais que xera a Raza Porco Celta en Galicia son certamente significativos: a marca de calidade "PORCOCELTA" xerou un volume bruto de negocio en 2009 de 1.8 millóns de euros, unha Raza que apenas comezou a recuperarse hai dez anos e a ser rendible cinco; sen falar do que poidan xerar os restaurantes que inclúen nos seus menús o Porco Celta, tendas de delicatessen, vendedores ao detalle, e as feiras e degustacións que organizamos dende a Asociación arredor da Raza ou que se celebran en diferentes concellos galegos, e outro tipo de actividades que están a xerar, no conxunto, un beneficio cada vez máis importante.

Pero é que ademais da importancia económica, o Porco Celta, e todo o que elo conleva, posúe una enorme significación social. O movemento económico que acarrexou e do que vimos de falar, xera ademais postos de traballo non só a nivel técnico, senón tamén e sobre todo no noso campo, onde ademais un gran parte dos socios de ASOPORCEL son mulleres e mozos novos. Deste xeito, o Porco Celta é un complemento para a renda agraria e constitúese nunha produción alternativa cara a unha diversificación na produción agroalimentaria.

Como moitos de vós sabedes, o Porco Celta críase en extensivo, no campo, ao ar libre na natureza. Por iso podemos dicir que a nosa Raza Porcina dálle vida ao medio rural. Ver os animais vivos, correr e xogar

polo monte, asegúrovos, é unha auténtica satisfacción para quen os olla. E á vez que disfrutan dos nosos montes, contribúen de xeito decisivo a mantelos limpos, co cal son un factor activo de loita contra os incendios.

En definitiva, emprego, dinamización do agro, beneficio económico, e riqueza gastronómica e social son verbas que se asocian inequivocamente ao noso Porco Celta. E os produtos del derivados están a axudar a reforzar a xa excelente imaxe que teñen os produtos agroalimentarios galegos fora das nosas fronteiras. Uns produtos, os do Celta, de calidade exquisita, xugosos, palatables, cada vez máis apreciados polo consumidor máis esixente.

Como vedes os datos son bos e o avance da nosa Raza é patente. Neste semestre ademais, estivemos presentes en multitude de feiras, certames, exposicións, relacionadas directa o indirectamente coa nosa Raza: o Cocido de Lalín, GandAgro en Silleda, Chantada, a festa do Porco Celta de Beariz, de Sarria, Fitur 2010, Manzaneda, Beja (Portugal), a Semana Verde de Galicia ou Salimat, foron algúns dos escenarios, dos lugares e dos fitos onde o Porco Celta, os seus animais en vivo ou os seus produtos, foron protagonistas. Como vedes, a nosa Raza está cada vez máis presente en lugares e acontecementos, polo que é cada vez máis coñecida e demandada.

Dende ASOPORCEL non nós esquecemos da xestión de axudas para os nosos gandeiros ou de buscar a colaboración con outras entidades para a mellora da nosa Raza. Mostra delo o Proxecto de investigación co INCITE ou o convenio que asinaremos coa Universidade de Santiago de Compostela.

Xa para finalizar, salientamos nesta revista dous proxectos moi importantes para os nosos socios que vimos de por en marcha durante este semestre de 2006: a Asociación de Defensa Sanitaria, que dará a cobertura sanitaria necesaria aos gandeiros de Porco Celta para que as súas explotacións acaden a unha calificación sanitaria alta e poidan así levar a cabo sen problemas os movementos de animais necesarios para a súa comercialización e polo ben da difusión da Raza Porcina Celta. E a sociedade comercializadora, Coprocel SL, que nace co obxectivo de comercializar os porcos excedentes que quedan no campo e nas explotacións logo de seren satisfeita a demanda dos elaboradores comercializadores do Porco Celta, sociedade da que os gandeiros de ASOPORCEL poden participar.

En definitiva o Porco Celta e ASOPORCEL van a máis, en recuperación e crecemento da Raza, á que se une un aumento paulatino e constante do número de socios, en xestión de axudas, programas e proxectos de investigación, na consecución de convenios e acordos a prol do Porco Celta, e na presenza cada vez máis constante dos produtos derivados deste nobre animal, nos mercados máis esixentes. Ánimo pois para todos no quefacer diario pola nosa Raza Porcina Celta.

## sumario

- 03 Medio Rural destina 280.000 € ao Porco Celta
- 04 Novas: Lalín. Gandagro. Chantada. Beariz. Manzaneda
- 05 O Porco Celta en Sarria, Fitur e Ovibeja
- 06 O Porco Celta na Semana Verde. Soutos Galegos en Salimat
- 07 Asemblea de Socios
- 09 Proxecto INCITE
- 10 Entrevista: Samuel Juárez, Conselleiro do Medio Rural.
- 12 Bases para a cualificación morfolóxica e identificación de exemplares
- 14 Reunión de técnicos de Porco Celta. Traballos de campo: Dilixencias zootécnicas e sanitarias
- 15 Asoporcel: unha década de evolución. Reunión da Xunta Directiva: COPORCEL e ADS

ASOPORCEL  
Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta  
Pazo de Feiras e Congresos de Lugo  
Avda. dos Deportes s/n, Lugo 27004

tel 982 226 252 | fax 982 285 209

Edita: ASOPORCEL

Produce: Ancaria Comunicación | [www.ancaria.eu](http://www.ancaria.eu)

Fotografía: Arquivo ASOPORCEL e Ancaria Comunicación

[www.asoporcel.com](http://www.asoporcel.com)



# Medio Rural destina 280.000 € ao Porco Celta



Ramón Carballo, Raquel Arias, Samuel Juárez, Manuel Losada e Xosé Álvarez Robledo

O pasado 16 de abril, o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e o presidente de ASOPORCEL, Manuel Losada, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal dita Consellería destinará 280.000 euros (70.000 euros por ano ata o 2013) ao Proxecto do Porco Celta, isto é, á recuperación, conservación e fomento da nosa Raza.

No acto de sinatura, celebrado no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, Juárez destacou a enorme importancia que xogaron e xogan os gandeiros de ASOPORCEL na recuperación dunha raza autóctona galega, que hai dez anos estaba practicamente extinguida. De aí a implicación da Consellería, xa que ademais Juárez defendeu o Proxecto de Porco Celta calificándoo de “moi importante para a consolidación dunha raza que ten un papel cada vez máis importante na produción agropecuaria galega, dentro das alternativas que hai hoxe en Galicia”. Finalmente Juárez declarou que a inversión, co financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), axudará a dar estabilidade ao traballo de ASOPORCEL.

Pola súa banda o presidente de ASOPORCEL, Manuel Losada, ratificou o éxito prantexado por Juárez con cifras: a marca de calidade «Porcocelta» xerou en 2009 un volume bruto de negocio de 1.332.800 euros, con 120.000 quilos de carne subministrada. Losada destacou «a xeración de traballo e riqueza no agro galego» que está facendo posible o Porco Celta. Isto tradúcese en dinamización da gandaría galega, influxo no turismo, en casas de turismo rural que xa ofrecen nos seus menús degustación derivados deste nobre animal, ou no coidado e protección dos nosos montes, un factor activo de loita contra os incendios.



Ademais do Conselleiro do Medio Rural e do presidente da Asociación, o acto congregou a destacadas personalidades do goberno galego. Xosé Álvarez Robledo, Director Xeral de Producción Agropecuaria e Ramón Carballo, Xefe Territorial en Lugo, ambos da Consellería do Medio Rural e Raquel Arias, Delegada Territorial en Lugo da Xunta de Galicia.



As autoridades paladean produtos elaborados de Porco Celta

Do mesmo xeito, tamén estiveron presentes diferentes entidades que colaboran estreitamente no traballo diario que desenvolve a Asociación na recuperación e difusión da raza Porco Celta. Así, o acto contou coa asistencia de Alejandro Fernández, director de Xenética Fontao (entidade que realiza probas e testaxes xenéticas) e Miguel Fernández, director do Centro Tecnolóxico da Carne (proxectos de I+D+i).

Finalmente, tamén estiveron tamén presentes Alfredo H. Mosteirín, presidente executivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, e diversos membros da xunta directiva e do equipo técnico de ASOPORCEL.

## Degustación de Porco Celta

Trala explicación do convenio e logo da súa sinatura, ASOPORCEL convidou tanto a autoridades como a medios de comunicación a unha degustación de produtos elaborados de Porco Celta. En concreto, os asistentes puideron degustar xamón de castaña de Porco Celta, curado en Galicia, lomo curado en Guijuelo (Salamanca), e salchichóns e chourizos de Porco Celta tamén curados en Galicia. Todo elo regado con viños da terra.

## Feira do Cocido de Lalín

Co gallo da celebración da XLII edición da Feira do Cocido de Lalín, unha semana antes, ASOPORCEL, representada polo seu vicepresidente, Pepe Balboa, polo coordinador xeral, Xosé Antonio Carril, e por unha das veterinarias, Alba García, asistiu á presentación do evento que tivo lugar no concello de Lalín, sendo presidido polo alcalde da vila, Xosé Crespo.

A presentación aos medios de comunicación foi seguida dun xantar-degustación consistente nun cocido completo de Porco Celta, ao que foron convidados autoridades e medios de comunicación que, deste xeito, descubriron ou recordaron o inigualable sabor das distintas partes do noso nobre animal.

## ASOPORCEL en Gandagro 2010

O I salón monográfico da agricultura e gandaría, GandAgro 2010, que se celebrou no mes de Marzo no recinto da Feira Internacional de Galicia, en Silleda (Pontevedra), contou coa presenza de ASOPORCEL a través dun stand expositivo con animais vivos. Foron unhas 12.000 as persoas que, segundo a organización, visitaron este certame, que reuniu a 270 empresas expositoras de doce países diferentes.

Logo da inauguración, a comitiva de autoridades parouse especialmente no stand de ASOPORCEL, onde o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, o conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez, e o alcalde de Lalín, Xosé Crespo, entre outras autoridades, departiron co coordinador xeral de ASOPORCEL, Xosé Antonio Carril, sobre as visicitudes e o momento actual e futuro do Porco Celta.



Alfonso Rueda, Samuel Juárez e Xosé Antonio Carril

## Feira do Viño de Chantada

A organización da 28 edición da Feira do Viño de Chantada, acordouse do Porco Celta para facelo protagonista no xantar oficial que se celebrou o domingo 14 de marzo. Os produtos derivados desta Raza fixeron as delicias dos comensais. No acto, houbo unha representación da directiva de ASOPORCEL. Dende a Asociación, quérese agradecer ao Concello de Chantada corporación municipal de Chantada e aos organizadores da Feira do Viño tanto o convite, coma que elixiran ao Porco Celta para o seu acto gastronómico oficial.

## Festa do Porco Celta de Ourense en Beariz



Multitudinario xantar de Porco Celta en Beariz

O pasado 14 de marzo e organizada pola SAT Oural de Beariz, o Concello de Beariz e ASOPORCEL, tivo lugar a IV edición da Festa do Porco Celta. Celebrada como sempre no pavillón polideportivo de Beariz (Ourense) a Festa estivo adicada aos galegos emigrantes, e en particular a México, debido á estreita vinculación dos veciños deste concello con dito país.

Ao son do Mariachi Guadalupano os preto de mil comensais gozaron dunha xornada gastronómica cun menú que combinou pratos mexicanos con galegos: torta mexicana con feixóns, con manteiga, queixo, carne esfiañada, tomate, chile e coandro para pasar de seguido ao prato forte, o chourizo de porco celta con cachelos. Non faltaron o xamón nin o lacón asado en forno de leña. E á hora do café, o chopo de tequila. Os

guitarróns, violíns e trompetas do Mariachi Guadalupano fixeron as delicias do público, xunto ás pandereteiras e a banda de gaitas de Beariz.

O pregoeiro foi Tomás Alonso, de Larpeiros, que agradeceu no seu pregón o traballo de «un grupo de románticos que hai vinte anos empezaron a pensar na cría do porco celta para que agora sexa esta raza a que ten éxito». Dende a Cidade de México veu o presidente do Centro Galego da capital do país azteca, Luís Piñeiro, natural de Salceda de Caselas. Entre outros convidados asistiron os conselleiros de Presidencia, Alfonso Rueda e Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Vázquez, o presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luís Baltar, e a secretaria xeral de Turismo, Carmen Pardo. Sen esquecer ao alcalde de Beariz, Manuel Prado, e ao vicepresidente de ASOPORCEL, Pepe Balboa. Entre as actividades paralelas á festa, destacaron as relacionadas co Porco Celta: o sábado 13 celebrouse unha charla coloquio sobre o Porco Celta baixo o título «Recuperación dunha raza porcina autóctona» impartida por Xosé Antonio Carril, á que seguiu unha degustación de produtos elaborados de Porco Celta para asistentes. O día da festa, o domingo, e como xa é tradición o recinto da festa acolleu un mercado de artesanía e produtos elaborados de Porco Celta.

### III Xornadas Gastronómicas e de Recuperación do Porco Celta

Os pasados días 30 e 31 de xaneiro de 2009, celebráronse en Manzaneda (Ourense) as III Xornadas Gastronómicas e de Recuperación do Porco Celta e a II Mostra de Artesanía, Organizada pola asociación Peña A Lardeira e a asociación de Mulleres Algeirada.



# Juárez destaca as excelencias do Porco Celta na Festa do Cocido de Sarria



O coordinador de ASOPORCEL nomeado toxoleiro de honra

O 21 de febreiro tivo lugar en Sarria (Lugo) a segunda edición do cocido con carne de porco celta, unha xornada de exaltación gastronómica organizada pola asociación de Hostalaría e Turismo da Bisbarra de Sarria e co visto e prace de ASOPORCEL.

Ao banquete asistiron 416 comensais repartidos en 32 mesas no polideportivo dos institutos, e seguiu a mesma posta en escena que na pasada edición de 2009. A artista local Sonia López foi a encargada de conducir un acto no que o alcalde, Claudio Garrido, foi o encargado de

dar a benvinda aos asistentes e de dar paso ao conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, encargado de dar un pregón no que destacou a importancia deste animal para Galicia.

A segunda edición deste certame serviu para homenaxear destacados gastronomos de Galicia e outras comunidades. O coordinador xeral de ASOPORCEL, Xosé Antonio Carril, ou o xefe de servizo de Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural Xosé Mourino, foron algúns dos que pasaron a engrosar o selecto club de Tixoleiros de Honra. Ao acto tamén acudiron entre outras autoridades o director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, Antonio Crespo, e o vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Lugo, Antón Bao.



## O xamón de Porco Celta chega a FITUR

O maior evento turístico de Europa e o segundo do mundo celebrouse do 20 ao 24 de xaneiro en Madrid, a feira denominada FITUR onde, de man de OAL Rias Baixas da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ASOPORCEL presentou dous xamóns de Porco Celta para a degustación e o deleite dos asistentes. Os xamóns, cortados por un experto cortador da Escola Galega de Cortadores de Xamón foi un éxito rotundo e impresionou moi positivamente nas papilas gustativas e na memoria placenteira daqueles que tiveron a sorte de catalo. Outro éxito de ASOPORCEL que aglutina os esforzos dos criadores do Porco Celta.



05

## ASOPORCEL en Ovibeja 2010



Xosé Antonio Carril e Jose Cândido Félix

O pasado 29 de abril ASOPORCEL visitou en Beja (Portugal) a 27ª edición da Feira OVIBEJA 2010, un dos principais eventos relacionados co sector agrogandeiro que se celebran no país veciño, ao que foi convidada cordialmente por ACPA, a Asociación de Criadores do Porco de Raza

Alentejana (raza autóctona descendente do tronco ibérico), entidade que realiza a xestión do Libro Xenealóxico da raza. O coordinador xeral de ASOPORCEL, Xosé Antonio Carril, entrevistouse co Presidente de ACPA, José Cândido Félix, e con varios membros do equipo técnico, con motivo de coñecer o funcionamento e as actividades que desenvolve unha asociación que conta cuns 360 socios, entre 5000 e 6000 reprodutoras e que produce entre 30 e 40000 animais por ano para comercializar dende as súas Denominacións de Orixe Protexida. En OVIBEJA organizáronse todo tipo de actividades para a promoción turística, cultural e gastronómica da rexión do Alentejo, con participación das principais autoridades do Ministerio e a Dirección Xeral de Gandería de Portugal. Houbo numerosa representación de razas gandeiras, un Concurso Morfolóxico da raza Alentejana, coa súa correspondente entrega de premios aos mellores reprodutores (na que Xosé Antonio Carril foi xentilmente convidado a participar) e a continuación realizouse unha subhasta entre os gandeiros dos verróns participantes no concurso. Para o ano que ven, nesta mesma feira José Antonio Carril acordou durante as conversas mantidas cos representantes do Recinto Feiral e do sector porcino a participar cun stand que presente e difunda o Congreso Mundial do Xamón para 2011.

# ASOPORCEL na Semana Verde de Silleda

Do 10 ao 13 de xuño, ASOPORCEL e o Porco Celta acudiron, como cada ano á Silleda, para asistir á 33ª Feria Internacional Semana Verde de Galicia. A Raza Porcina Celta estivo representada cun total de 44 exemplares que estiveron á venda.



Stand de Soutos Galegos en Salimat

Deste xeito poideronse ver na feira un macho reprodutor novo de variedade santiaguesa da gandaría de Manuel Fontal e unha femia reprodutora da variedade Carballina con 8 leitóns da gandaría de Jesús González.

Tamén houbo unha ampla oferta en cebos coa participación da gandaría Emiliano Pol Ferreiro con 5 cebos e a gandaría de Xesús González con 15 animais, ambos lotes cunha idade de entre 4 e 5 meses e que alcanzarán a idade de sacrificio cara finais de este ano e principios do 2011. Formando parte destes lotes encontrábanse femias enteiras validas coma nais reprodutoras.

En todo momento os veterinarios e técnicos da asociación estiveron á disposición dos visitantes para ofrecerlles toda a información que requirisen ao respecto das características desta Raza (morfotipo, sistemas de explotación, manexo, alimentación...), así como para asesorar a aqueles que pensasen en adquirir animais ou os que se quixeran facer socios de ASOPORCEL.

Neste senso, os resultados da participación na Semana Verde foron positivos: incorporáronse 3 novos socios e vendéronse 9 animais, sendo 7 deles leitóns, e dúas nais destinadas á recría.



XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

## 06 Soutos Galegos na XIV Edición de Salimat



Xosé Antonio Carril coas autoridades durante a inauguración da Semana Verde

ASOPORCEL en colaboración con Soutos Galegos S.L. participou por 2º ano consecutivo na 14ª edición do Salón da Alimentación do Atlántico 2010, con un stand onde se degustou unha ampla mostra de produtos de gama delicatessen, nos que se unen sabor e textura facendo uns alimentos sublimes e irresistibles ao padal. Do mesmo xeito, tamén estiveron presentes cun stand propio e promocionando os produtos de Porco Celta, tres dos seus principais elaboradores en Galicia: Cárnicas Teijeiro, Porco Celta Fonsagrada e Porco Real-Embutidos Buenavista.

Entre as metas prantexadas deuse a coñecer os produtos elaborados con Porco Celta tanto a consumidores como a restauradores. Un ano mais ASOPORCEL cumpre un dos obxectivos desexados, dar a coñecer o excelente produto que se cría en Galicia o Porco Celta.

## III Xornadas Galegas Agroalimentarias do sector porcino en Lalín

O pasado mes de abril, celebráronse en Lalín, organizadas pola Fundación Juana de Vega. Os grandes espadas do sector porcino en Galicia estiveron alí presentes. Entre eles, Miguel Fernández, director do Centro Tecnolóxico da Carne de Galicia (CETECA). Nas xornadas, entre outros temas, falou de Porco Celta e foi a cargo de Xosé Antonio Carril, coordinador xeral de ASOPORCEL, que deu unha charla sobre as excelencias da nosa Raza.



# Asemblea Xeral Ordinaria de socios de ASOPORCEL



A Asemblea tivo lugar no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo

O pasado 17 de abril tivo lugar no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo a Asemblea Xeral Ordinaria de Socios da Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL), á que acudiron 60 socios. A asemblea foi conducida por Manuel Losada, presidente da Asociación, Xosé Balboa, vicepresidente e Xosé Antonio Carril, coordinador xeral de ASOPORCEL.

O motivo de celebrar esta Asemblea nas data fixada foi debido a que daquela as axudas aos gandeiros estaban abertas, co que a Asemblea serviu para solventar todo tipo de dúbidas e consultas en relación a aquelas, a todos os socios gandeiros presentes. Debatéronse os seguintes puntos:

## 1) Aprobación do balance de contas do ano 2009 así como aprobación do Orzamento para 2010.

## 2) Informe de actividades da Asociación: os socios foron informados de tres eixos fundamentais de actuación:

a) Programa de Cría: infórmase da súa finalización definitiva. Isto leva consigo que, como incluía un Programa Sanitario, e para seguir manténdoo de cara aos socios, foi necesaria a creación dunha Asociación de Defensa Sanitaria (ADS).

b) ADS de ASOPORCEL: tras facer a consulta na Dirección xeral de Produción Agropecuaria da Xunta de Galicia, a Asociación traballa xa na creación dunha ADS para os criadores de Porco Celta, socios de ASOPORCEL, co obxectivo de atender ás necesidades sanitarias da cabana gandeira de aqueles. Neste senso, acaba de darselle xa forma xurídica á mesma e está formalmente constituída. (Ver páx. 15).

c) Comercializadora de ASOPORCEL: co obxecto de canalizar axeitadamente os produtos de Porco Celta dos socios de ASOPORCEL, en asembleas anteriores falouse da necesidade de crear unha comercializadora por e para ditos socios, algo aprobado. Nesta asemblea ratificouse a súa creación baixo a figura dunha entidade mercantil propia dos gandeiros produtores de Porco Celta e aberta a todos os que desexen entrar nela. O seguinte paso que se aprobou é poñer o proxecto en mans dos asesores da Asociación para que lle busquen o perfil máis axeitado e procedan á súa creación, elaborando un plan de negocio e de viabilidade do proxecto. Toda vez feito isto, quedou constituída a sociedade comercializadora como COPORCEL SL., da que falamos máis polo miúdo na páxina 15 desta revista.

## 3) Programa de Axudas: explícanse as dúas liñas de actuación seguidas pola Asociación:

a) Axudas para ASOPORCEL: tres son as axudas fundamentais acadadas pola Asociación de cara ao futuro máis inmediato:

- Convenio por catro anos coa Consellería do Medio Rural: asinado onte no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, entre Samuel Juárez, conselleiro do Medio Rural, e Manuel Losada, presidente de ASOPORCEL, este convenio é esencial para o devir da Asociación ata o ano 2013. Dotado dunha contía total de 280.000 euros (70.000 euros por ano), permite darlle continuidade no tempo a un proxecto, o de recuperación e consolidación da raza Porco Celta. Un proxecto que o propio conselleiro manifestou como de "moi importante para a consolidación dunha raza que ten un papel cada vez máis importante na produción agropecuaria galega, dentro das alternativas que hai hoxe en Galicia". Unha raza que ademais posiciona uns produtos no mercado que contribúen a mellorar a imaxe de Galicia dentro e fora da mesma.

- Axuda para o fomento das Razas Autóctonas: a axuda obtida neste senso por ASOPORCEL é dun total de 60.000 euros e vai destinada á xestión e mantemento do Libro Xenealóxico da Raza, pedra angular do proxecto do Porco Celta, no que pivota a consecución óptima do proxecto integral.

- Proxecto INCITE: ASOPORCEL, noutro dos seus cometidos, ten a función de averiguar cal é o mellor modelo de produción para os seus gandeiros. Neste senso, acadouse unha axuda provinte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Consellería de Economía e Industria, de 61.000 euros, que financian o 70% do proxecto (87.000 euros, total do estudo). Un proxecto de I+D+i que se fai en colaboración co Centro Tecnolóxico da Carne de Galicia, que desenvolverá o estudio económico do modelo de produción óptimo a diferentes idades de sacrificio: 12, 15 ou 18 meses, e o custo económico de cada modelo de produción. (ver páx. 9)

- Fomento do emprego: gracias á axuda provinte da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, ASOPORCEL percibiu, e solicitou novamente, unha axuda para o fomento do emprego dentro da Asociación, que repercute en servizos e atencións para os seus socios (hoxe, están contratados por mor deste convenio dous veterinarios e unha administrativa). Ademais do fomento do emprego, tamén se contribúe así á formación de novos técnicos para o manexo do Porco Celta, e tamén se acada unha fidelización dos mesmos coa Raza, unha labor de interese xeral dentro dunha asociación sen ánimo de lucro que traballa a prol dunha raza autóctona porcina galega. Ata o de agora todos os traballadores que entraron en ASOPORCEL por medio desta axuda, están traballando en algo relacionado co sector.

Neste senso, na Asemblea fíxose público o agradecemento ás tres consellerías galegas e demais organismos públicos que hoxe apoian ao Porco Celta e que permiten a súa saída adiante.

b) Axudas para os socios de ASOPORCEL: Do mesmo xeito, os socios de ASOPORCEL foron informados das diferentes vías de financiamento e axuda as que poden optar dentro da Consellería do Medio Rural, destinadas a produción primaria dentro do Contrato de Explotación Sustentable (CES) onde o Porco Celta ten diferentes opcións de subvencións dentro do código de boas prácticas agrarias, medioambientais, de benestar animal, e para razas autóctonas en perigo de extinción.

**4) Comercialización dos produtos de Porco Celta:** os produtos derivados do Porco Celta están de moda, o cal provocou nos últimos tempos unha alta demanda por parte do consumidor, ávido por acceder a eles. A consecuencia é que hoxe está sendo difícil equilibrar a balanza de

oferta e demanda, onde a segunda supera á primeira. Co obxecto de paliar esta situación, dende a Asociación aprobouse establecer un contrato-compromiso entre os gandeiros e os produtores elaboradores industriais de derivados da carne de Porco Celta, co obxecto de asegurar o subministro de carne de Porco Celta aos mercados que o demanden. Como xa indicamos na páxina 4, nace Coporcel SL.

### 5) Rogos e preguntas: dous foron os temas destacados:

a) Asistencia á vindeira edición da Semana Verde de Silleda (xuño 2010), onde se recuperará a celebración dun mercado de compra-venda de animais, neste caso os que a asociación expoña nesta feira. Deste xeito, recuperarase a esencia dunha feira tradicional, que era o comercio de produtos, no que é hoxe a feira de referencia no eido gandeiro galego, a de Silleda.

b) Congreso Mundial do Xamón: que se celebrará en Lugo en 2011. Insistiuse na súa importancia porque será un punto de inflexión para o Porco Celta e os seus produtores e elaboradores, xa que é un congreso de relevancia mundial que ademais xira arredor do elemento máis elitista e valorado do sector porcino, o xamón.

Tras a Asemblea, os socios acudiron a unha degustación con produtos de Porco Celta, financiada pola Deputación Provincial de Lugo e promovida polo Grupo El Progreso, na área recreativa lucense Los Robles.

Alí foron recibidos por Xosé Ramón Gómez Besteiro, presidente de dita deputación, e por Lara Méndez, vicepresidenta segunda.



Xosé Ramón Gómez Besteiro, Lara Méndez, membros da Xunta Directiva e socios de ASOPORCEL



# Proxecto INCITE

## Introdución

A resolución do 30 de novembro de 2009 da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, relativa a adxudicación de subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE) concedeu a ASOPORCEL unha moi importante axuda que permitirá o desenvolvemento do proxecto de investigación que a continuación detallaremos.



Por este motivo, e dada a importancia do estudo subvencionado para o proxecto global de recuperación e mellora xenética do Porco Celta, dende a Asociación manifestamos o público agradecemento a dita dirección xeral. Este proxecto de investigación é moi desexado por todos os gandeiros activos de Porco Celta participantes no proxecto de comercialización e polo sector elaborador, xa que o fin último é a busca da máxima rendibilidade no campo e na produción do Porco Celta.

Como ben sabedes, a raza Porcina Celta era antigamente unha das máis importantes de España ata mediados do século pasado, sendo a única raza porcina autóctona galega. É neste momento, nos anos 50, cando comeza a sufrir unha redución no número de animais censados debido á introdución de razas foráneas con maiores índices de produtividade, algo que estivo a piques de facer desaparecer ao Porco Celta.

Coa iniciativa inicial da Administración Pública e coa posterior fundación de ASOPORCEL, conseguiuase deter e inverter o proceso de extinción da Raza mediante a creación de núcleos xenéticos estables e a recuperación dunha incipiente cabana privada.

## Proxecto de Investigación amparado polo INCITE

O Proxecto de Investigación apoiado pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través do seu programa INCITE (Investigación, Ciencia, Tecnoloxía), persegue avaliar a influencia das diferentes variedades de Porco Celta (Carballina, Santiaguesa ou Barcina), así coma o sexo (macho ou femia) e as idades de sacrificio (12, 15 ou 18 meses) sobre a calidade da canal, da carne e do perfil de ácidos graxos dos exemplares sacrificados.

No estudo participan lotes de animais, segundo a variedade racial, que serán sacrificados a tres idades diferentes (12, 15 ou 18 meses), e así poderase saber finalmente segundo que variedade e a que idade é óptimo levar a cabo o sacrificio, co fin de acadar os mellores rendementos e as mellores pezas cárnicas.

Deste xeito, o proxecto de investigación permitirá establecer unhas pautas de explotación e manexo que permitan a obtención de produtos uniformes e de máxima calidade. Para o axeitado desenvolvemento da investigación partírase de 180 porcos dos cales serán 90 machos castrados e 90 femias, que se dividirán en 9 grupos de 20 porcos (10 machos e 10 femias) cada un. Os grupos A, B e C, serán da variedade Barcina, os D, E e F, da variedade Carballina, e os G, H e I, da

Santiaguesa. Os grupos A, D e G, serán sacrificados aos 12 meses, os grupos B, E e H, aos 15 meses, e os C, F e I aos 18.

Unha vez concluído o período de cebo, e tras o sacrificio, en cada unha das canales efectuaranse diferentes probas e análises encamiñadas a acadar os obxectivos e metas propostos no proxecto de investigación.

## Obxectivos

O obxectivo principal que ASOPORCEL persegue con este proxecto de investigación e avaliar a influencia da variedade, sexo e idade de sacrificio sobre a calidade da canal e da raza Porcina Celta. Para lograr esta meta final, fórmulanse os seguintes obxectivos parciais:

- 1) Efecto da variedade (Carballina, Santiaguesa ou Barcina) nos parámetros de crecemento e nas características de calidade da canal e da carne.
- 2) Efecto do sexo (macho ou femia) nos parámetros de crecemento e nas características de calidade da canal e da carne.
- 3) Efecto da idade de sacrificio (12, 15 ou 18 meses) nos parámetros de crecemento e nas características de calidade da canal e da carne.
- 4) Levarase a cabo unha análise económica onde se terán en conta:
  - Ganancia peso
  - Alimento consumido
  - Custo da crianza
  - Ingresos percibidos pola venda
  - Nº animais que é necesario sacrificar para que sexa rendible a explotación.

O estudo económico indicará o momento óptimo de sacrificio en función das diferentes variedades raciais e sexos, valorando a rendibilidade en función dos custos de produción.

A determinación dos índices relacionados co crecemento farase baseándose no peso nacemento e peso no cambio de alimentación, peso de sacrificio e ganancia media diaria así coma índices de conversión.

Para avaliar a calidade da canal estudaranse a conformación, o estado de engraxamento e o peso das pezas comerciais.

Finalmente, na caracterización físico-química da carne determinarase o pH, a cor, a dureza, a composición química, a capacidade de retención de auga, a dureza e TPA, o seu valor nutricional, mediante o perfil de ácidos graxos e aminoácidos libres, e por último, unha análise sensorial.

## Proxecto multidisciplinar coa colaboración do CETECA

Os obxectivos deste proxecto multidisciplinar encaixan dentro da filosofía da convocatoria da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, e máis concretamente, dentro do eido do desenvolvemento do medio rural. Dada a carencia de datos existentes na actualidade en aspectos fundamentais da caracterización das diferentes variedades desta Raza, en relación á canal e á carne tal e como indicamos anteriormente, constitúese nun obxectivo de máxima relevancia non só para o Porco Celta senón tamén para o propio medio rural.

No proxecto inclúese a experiencia do grupo de calidade de carne do Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA), ubicado no ourensán polígono de San Cibrao, entidade punteira en instrumentación e técnicas axeitadas e necesarias para a investigación agroalimentaria.



# Samuel Juárez

## Conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia

**Vostede estivo moitos anos en cargos de representación no goberno central, así como sendo conselleiro de agricultura na embaixada de Washington. Agora, como Conselleiro do Medio Rural e tras algo máis dun ano ao fronte, como se percebe dende o exterior o mercado de produtos agroalimentarios españois e, concretamente, os galegos? E, do mesmo xeito, dende dentro, cal é a súa valoración sobre a situación actual do sector agrogandeiro galego? cales considera que son os retos aos que se enfrenta o sector?**

Resumir os retos de presente e futuro do agro galego nunhas poucas liñas é tarefa case imposible, pero ben se poderían condensar en dúas ideas fundamentais: evitar o despoboamento do medio rural, e garantir, na medida da nosa capacidade, que a diferenza de rendas entre o mundo urbano e o rural sexa o menor posible.

Respecto da imaxe dos produtos galegos e españois en xeral no estranxeiro, non direi ningunha novidade se afirmo que, desde logo, é excepcional, pero cun grao de coñecemento aínda baixo. Cómpre fomentar as campañas de promoción e divulgación en mercados que se teñen amosado receptivos aos tipos de produtos que Galicia oferta, de alta calidade e competitivos no seu prezo.

Finalmente, a miña valoración sobre a situación actual do rural galego é de fonda e convencida esperanza. Estamos a pasar, e aínda viviremos, tempos ben difíciles. Pero, baseados nesa competitividade e alta calidade dos nosos produtos, poderemos capear este tempo de recesión.

**En Francia, a vostede outorgáronlle a “Ordre du Mérite Agricole” da República Francesa. Temos moito que aprender dos franceses na produción primaria e na transformación e comercialización de produtos agrarios? Cal é a referencia francesa na produción porcina de calidade?**

Francia pasa por ser o país da Unión que máis apoia ao seu sector primario, e, sobre todo, que máis apoia a todos e cada un dos seus eixos, desde o produtor puro e duro, ata a gran empresa que distribúe os alimentos por toda a Unión. Pois ben, creo que esta situación se debe en parte, como non, ao apoio decidido da Administración gala, que ten concedido a consideración de “sector estratéxico” ao agrogandeiro en numerosas ocasións, pero tamén á firme responsabilidade histórica e presente amosada por tódolos axentes implicados na produción, recollida, comercialización, distribución e promoción dos produtos primarios franceses. Nese aspecto, Francia é sen dúbida un exemplo que deberíamos adaptar ás nosas propias necesidades.

**Que medidas de apoio foron postas en marcha pola Consellería do Medio Rural durante este tempo e que proxectos vai desenvolver a medio e longo prazo?**

O apoio da Consellería ao Porco Celta estase a desenvolver principalmente no marco do Programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción. A tal fin débese entender o recente convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e ASOPORCEL. Na mesma liña se moven os convenios coa Fundación Semana Verde de Galicia, que recolle obrigas concretas en materia de divulgación da raza e das súas capacidades produtivas; e co INORDE, que deberá manter un rabaño fundacional de Porco Celta.

Por outra parte, ASOPORCEL é receptora da axuda ao fomento das razas autóctonas de protección especial en perigo de extinción, que xestiona a Consellería do Medio Rural, destinadas ao apoio do libro xenealóxico da raza, ferramenta imprescindible para a preservación do acervo xenético e base de calquera sistema de certificación de carne e produtos cárnicos da raza.



Por fin, a posibilidade de rexistrar explotacións porcinas en extensivo, abre novos camiños de fomento de proxectos agroambientais susceptibles de recibiren financiamento comunitario. En todo caso, a Consellería ten prevista a redacción dun decreto de ordenación do porcino extensivo en Galicia, adaptado á nosa realidade particular.

**A Raza Porcina Celta, é hoxe a única raza porcina autóctona galega, recuperada por ASOPORCEL, e cunha presenza cada vez maior nos mercados máis exclusivos de produtos elaborados. Unha raza de carne de alta calidade que nada lle ten que envexar ao resto das de España. Que opinión lle merece a Raza e que proxección de futuro lle ve no mercado? Opina que pode ter un nicho de mercado o Porco Celta nos mercados españois?**

Durante séculos o porco celta foi común no rural galego. Logo dunha fonda recesión, o traballo conxunto da Consellería do Medio Rural e de ASOPORCEL está a permitir a súa recuperación como raza; porén, como sinala a FAO, a mellor garantía de recuperación está no mercado. Obviamente, as condicións do Porco Celta fan da raza unha clara candidata a competir no segmento dos produtos de alta calidade, sempre e cando se manteña unha liña de produción ben definida e respectuosa coa demanda do consumidor.

**Pensa que o Porco Celta pode ser unha raza de futuro e que ten potencial para seren competitiva nos nichos de mercado español e europeo? Neste senso, pode ser un bo espello no que mirarse o caso do porco ibérico?**

Todas as razas, por minoritarias que sexan, poden ter un bo futuro se os gandeiros e as asociacións que traballan con elas o fan con rigor, levando a cabo un eficaz esquema de aproveitamento do seu potencial; neste sentido, o Porco Celta penso que reúne características para poder ser unha raza competitiva. Pola súa banda o Porco Ibérico, cunha historia e evolución que estivo sempre ligada a belota e as Dehesas do Suroeste español, acadou unha altísima cualificación especialmente para os seus produtos elaborados. No seu desenvolvemento atravesou gravísimas crises, o que pon de manifesto a su excelente adaptación. Sen dúbida, as iniciativas que se leven a cabo dende Asoporcel, poden ter un bo referente na labor realizada nesta raza.

**Pode comentarnos os aspectos máis destacados de dito convenio?**

O obxecto do convenio é regular as condicións da colaboración entre ASOPORCEL e a Consellería do Medio Rural para a execución de accións previstas no Programa de recuperación, conservación e fomento do porco celta. A Consellería do Medio Rural aposta pola explotación sostible dos recursos autóctonos, como unha actividade económica de especial relevancia naqueles contornos nos que a adaptación ao medio resulta imprescindible para o mantemento da rendibilidade, como é o caso do porco celta.

Neste convenio a Consellería apoia as actuacións de ASOPORCEL encamiñadas a dar un pulo ao fomento da raza e a promoción dos seus produtos. Basicamente trátase de facer o inventariado, caracterización e avaliación da raza, facilitar asesoramento na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños, tanto “in situ” como “ex situ”, asesorar na tipificación dos produtos de porco celta e divulgar as posibilidades produtivas da raza e dos valores comerciais dos seus produtos.

**Parécelle unha boa saída a posta en marcha de explotacións de porco celta para non abandonar as terras e non as deixar sen aproveitamento?**

Non cabe dúbida que o aproveitamento dos recursos que ofrece o medio utilizando especies animais autóctonas e adaptadas as condicións do entorno resulta unha forma de produción sustentable e potencialmente rendible, que contribuirá ao obxectivo básico de potenciar o entorno rural e evitar o seu despoboamento. Ademais, a participación deste tipo de animais na limpeza do monte, no mantemento de soutos e no aproveitamento dos produtos naturais como landras e castañas ten unha compoñente ambiental claramente plausible.

**Cal e a súa opinión de todo isto?**

A colaboración entre a Consellería do Medio Rural e ASOPORCEL supón unha sinerxía positiva na preservación dos recursos zoonéticos autóctonos de Galicia, que debería contribuíra a reportar beneficios mediambientais e socioeconómicos.

**No traballo de ASOPORCEL, dende os seus inicios foi piar fundamental a recuperación da Raza Porcina Celta e da súa xenética, algo do que hoxe creo que podemos presumir, xa que temos consolidadas as súas tres variables. Pero considera vostede que, da man da recuperación e mellora xenética constantes, debe ir parello un programa de comercialización que posicione os seus excelentes produtos como se merecen nos mercados nacionais e internacionais?**

Como antes lembraba, a propia FAO alenta a comercialización dos produtos como canle máis axeitada para a conservación dos recursos xenéticos e, por suposto, ese debe ser o obxectivo a perseguir para afianzar a súa recuperación.

**Consellos aos xestores de ASOPORCEL, aos gandeiros asociados. Para encamiñar con éxito o futuro.**

Compre traballar na estandarización e tipificación dos produtos para ofrecer ao mercado unha mercancía de elite e alto valor engadido. A este fin, conveñen tanto os esforzos na produción como na comercialización esmerada. En todo caso, é necesario ter presente que o mercado do Porco Celta nunca se moverá nas economías de escala, senón nas rúas da exclusividade e por aí debe transitar.



# Bases para a cualificación morfolóxica e identificación de exemplares para a súa inclusión no Libro Xenealóxico

Co obxecto de arrojar luz sobre o que se constitúe coma unha das actividades esenciais para o devir da Raza Porcina Celta, isto é, a identificación axeitada dos exemplares válidos para a súa inclusión no Libro Xenealóxico da mesma, imos desenvolver neste número da Revista ASOPORCEL, as pautas e bases sobre as que traballan os nosos técnicos para levar a cabo de xeito óptimo dita actividade.

Para elo, definiremos os elementos fundamentais que determinan a conformación do Libro Xenealóxico do Porco Celta, profundaremos no prototipo racial ideal da Raza e describiremos como é o proceso de cualificación morfolóxica dos mesmos.

## Rexistros do Libro Xenealóxico

O Libro Xenealóxico da Raza Porcina Celta, está formado por diferentes tipos de clasificacións ou rexistros, segundo o tipo de animal. Deste xeito, a clasificación de cada animal ten diferentes ubicacións segundo as súas características:

**Rexistro Fundacional:** Grupo de animais que se utilizaron inicialmente para a recuperación da Raza.

**Rexistro de Nacementos (RN):** Inscríbense as crías de proxenitores inscritos nos distintos rexistros. Os técnicos da Asociación valoran, para poder inscribilas, que respondan ao prototipo racial e carezan de defectos descalificables. Permanecerán aquí ata o seu traslado ao RA ou ao RD, despois de ser cualificadas aptas pola Comisión Reitora do Libro Xenealóxico.

**Rexistro Auxiliar (RA):** Inscríbense aqueles animais machos e femias que non cumpran as condicións para seren inscritos no RD e posúan os seguintes requisitos:

- Idade superior aos sete meses.
- Que respondan ao prototipo racial.
- Que manifesten grado de formación acordo coa idade.
- Acadar na calificación morf. un mínimo de 60 pto. as femias e 70 os machos.
- Que non posúan defectos que dificulten a actividade reprodutora.

**Rexistro Definitivo (RD):** Inscríbanse nel os exemplares machos e femias procedentes do RN que teñan alomenos inscritos os seus catro avós, a inscrición dos cales sexa aprobada pola Comisión Reitora de Libro Xenealóxico e que cumpran as seguintes esixencias:

- Calificación morfolóxica mínima de 60 puntos as femias e 70 puntos os machos.
- Grado de formación, no momento da calificación, en concordancia coa idade.
- Non presenten taras ou defectos que impidan unha normal función reprodutora.

A súa permanencia aquí estará condicionada ós resultados que se aprecien no control da súa descendencia, sendo dados de baixa no Libro Xenealóxico no caso de influencia desfavorables.

**Rexistro de Méritos:** formado polos reprodutores máis sobresaíntes: femias cunha puntuación mínima de 85 puntos, que tiveran o primeiro parto antes dos 15 meses de idade e contar cun mínimo de 25 descendentes inscritos no RD e machos cunha puntuación mínima de 90 puntos.

En tódolos casos os animais deben pertencer a unha gandería inscrita no correspondente Rexistro de Ganderías.

## Prototipo da Raza Porcina Celta

Diversos son os factores que conflúen á hora de calificar e decidir se un exemplar porcino pode recibir o título de animal pertencente á Raza Porcina Celta. Os parámetros que os nosos técnicos utilizan para determinar tal distinción, que levarán a incluír a aqueles no Libro Xenealóxico e a marcalos coma Porco Celta, son os que describiremos a continuación.



### Aspecto xeral:

Os exemplares da Raza Porcina Celta caracterízanse por seren animais grandes, dolicocefalos, eumétricos e lonxilíneos. De aspecto rústicos, harmónicos e gran desenvolvemento do terzo anterior e en xeral do esqueleto.

Tres son as variedades segundo a presenza ou ausencia de pigmentacións:

**Santiaguesa,** con pel rosada e ausencia total de pigmentación.

**Barcina,** con pequenas pigmentacións de cor gris-lousa.

**Carballina,** con extensas pigmentacións negras brillantes que en ocasións poden chegar a cubrir todo o seu corpo.

Sempre a pel de todos eles está cuberta de abundantes sedas, longas e fortes. Profundizamos nunha descrición pormenorizada do corpo do Porco Celta:

**Cabeza:** grande, voluminosa, forte, e alongada. Perfil frontonasal de subcónico a recto, fronte plana con stock en ángulo recto. Fociño ancho e gordo e orellas grandes e caídas que cobren os pequenos ollos.

**Pescozo:** estreito e longo.

**Tórax:** forte e profundo con costelares pouco arqueados.

**Costas:** longas, lixeiramente inclinadas e de manifesta musculatura.

**Dorso e lombo:** estreitos, longos e arqueados. A liña dorso lumbar debuxa desde a cruz ancha un arco.

**Cruz dos cadrís:** caída, con formación muscular medio.

**Ventre e xenitais externos:** ventre recollido, con liña inferior plana, cun mínimo de 6/6 tetas formadas, de implantación ampla e regularmente espaciadas. Testículos ben formados, simétricos en lonxitude e tamaño. Vulva ben formada.

**Extremidades e marcha:** ben formadas, longas e fortes. Marcha viva, grácil e de contorno característico da raza.



## Cualificación morfolóxica dos exemplares

Realizada por técnicos cualificados para tal fin pola Comisión Reitora do Libro Xenealóxico, mediante apreciación visual e polo método dos puntos. Cada rexión corporal cualificarase asignándolle de 1 a 10 puntos, segundo a seguinte escala:

Clase	Puntuación
Excelente	10
Moi bo	9
Máis que bo	8
Bo	6-7
Suficiente	4-5
Insuficiente	4

A adxudicación de menos de catro puntos a calquera das rexións a valorar será causa para desqualificar ao animal, sexa cal fora a puntuación acadada nas restantes.

Obtida deste modo a puntuación final, os exemplares quedarán clasificados segundo as seguintes denominacións:

Clasificación	Puntos
Excelente	> ou = a 90
Moi bo	> ou = a 85 e < 90
Máis que bo	> ou = a 80 e < 90
Bo	> ou = a 75 e < 80
Aceptable	> ou = a 70 e < 75
Suficiente	> ou = a 60 e < 70

Os animais con puntuación inferior a 60 puntos estímense rexeitados.

### Defectos obxectables

De acordo coa descrición do prototipo racial, considéranse como defectos obxectables os seguintes:

- Defectos no asentamento das extremidades pouco destacables.
- Extremidades curtas que fan baixo o animal.
- Fociño pouco formado

### Defectos desqualificables

De acordo coa descrición do prototipo racial, considéranse como defectos desqualificables os seguintes:

- Conformación xeral ou rexional defectuosa en grao acusado (cabeza moi pequena e pouco voluminosa, perfil convexo, orelhas curtas, estreitas ou levantadas, liña dorsolumbar recta, cruz dos cadrís horizontal e moi musculada).
- Hernias.
- Anomalías nos xenitais: monorquidia, criptorquidia e infantilismo xenital.
- Desenvolvemento corporal non acorde coa idade.

Os caracteres que hai que considerar son os que a continuación se relacionan, con expresión para cada un deles do coeficiente de ponderación. Os puntos que se asignen a cada un dos ditos aspectos multiplicaranse polo coeficiente correspondente, resultando así a puntuación definitiva.

Caracteres que hai que cualificar	Coefficiente
Aspecto xeral (desenvolvemento, proporcións e peso)	2,00
Pel, pelo e pigmentación	0,30
Cabeza	1,70
Pescozo e tórax	0,50
Costas	0,70
Dorso e lombo	1,50
Cruz dos cadrís e xamóns	1,50
Ventre e xenitais	0,30
Asentamento das extremidades e marcha	1,50



# Reunión de técnicos de Porco Celta

Auspiciada e promovida por Soutos Galegos e os seus técnicos, o pasado venres 19 de febreiro tivo lugar en Betanzos (A Coruña) unha reunión entre aqueles e o equipo técnico de ASOPORCEL, o seu coordinador xeral, Xosé Antonio Carril, e os diferentes veterinarios colaboradores cos que a Asociación conta ao longo do territorio galego. O obxectivo, explicar o sistema de inventariado, avaliación e monitorización da Raza Porcina Celta. Outro dos fins desta reunión foi a fixación dun plan reitor e dun programa de actuación para o control xenealóxico desta Raza.

A reunión serviu ademais para tratar diferentes temas e aspectos relacionados coas tarefas que se levan a cabo dende a Asociación, en relación ao traballo de campo, intercambio de impresións, calificacións, identificacións, etc.



Os aspectos salientables tratados foron os seguintes:

O equipo de técnicos valorou o traballo realizado en canto á **calificación morfolóxica de exemplares reprodutores da Raza Porcina Celta**. Fíxose fincapé en que é fundamental detectar e erradicar da reprodución animais con problemas morfolóxicos (dobre grupa, orellas altas, xamóns redondeados, liña dorsal recta), conxénitos (hernias, criptorquidia, monorquidia), e defectos nas mamas ou nos aplomos.

Outro tema acordado, e en relación ao anterior, foi a **creación dun arquivo de imaxes dos exemplares reprodutores como complemento da súa identificación ou reidentificación**. É esencial recoller o maior número de datos posibles en campo. Para elo, a Asociación mercou dúas cámaras fotográficas, que ademais de utilizarse no momento de calificar os reprodutores, tamén se usan para fotografar leitóns e cebóns e colgar as imaxes na páxina web e para acompañar ós anuncios de compra-venda.

**Plan de Xestión de Machos dende a Asociación:** desenvolvendo un protocolo de actuación e seguimento. A Asociación conta cun programa de intercambio de machos que ten como obxectivos renovar o sangue das explotacións minimizando os efectos da consanguinidade e facilitar o acceso dos gandeiros a os reprodutores verróns con un custe mínimo xa que tería que facer fronte so ao transporte. Os exemplares son seleccionados polos técnicos da Asociación, segundo o morfotipo e o grao de desenvolvemento e tendo en conta a valoración dos pais. Os gandeiros ceden o seu exemplar á Asociación para que lle busque unha explotación que necesite un futuro reproductor. Desta maneira o gandeiro que prestou o macho convírtese en acreedor e, cando o precise, a Asociación buscaralle un macho por este mesmo procedemento. Por outro lado, o gandeiro que recibe un animal convírtese en deudor, polo terá que ceder un exemplar para dito programa de intercambio.

**Actuacións en matadoiro: categorización de canais por calidade:** Dende Soutos Galegos estase traballando para a tipificación das canais de Porco Celta. Considérase que se deben aproveitar as visitas a matadoiro para valorar parámetros como peso, lonxitude da canal, engraxamento xeral, infiltración, espesor do touciño dorsal. O que se pretende é discernir unha categorización específica para o Porco Celta xa que esta Raza pola súa propia conformación posúe unhas canais específicas con características propias. É fundamental que as canais estean ben acabadas e con bo engraxamento, e debe valorarse tanto a cantidade como a calidade da graxa. Todo este esforzo busca que, mediante a categorización das canais, os gandeiros que propicien canais excelentes sexan premiados e se lle valore o seu traballo; esta excelencia virá determinada pola calidade dos cebos, do manexo e da alimentación que o gandeiro lle aplique aos seus exemplares de Porco Celta.

## Traballos de campo: dilixencias zootécnicas e sanitarias

No que levamos de ano 2010, os Servicios Técnicos da Asociación fixeron unha importante labor de campo recorrendo toda a xeografía galega, de explotación en explotación.

Desde xaneiro ata o peche desta revista realizáronse **1.043 novas identificacións**. Número que se preve superar cando todos os leitóns nados neste período estean identificados e asentados no Rexistro de Nacementos. Unha vez analizadas estas cifras, prevese un aumento do censo de animais para o que resta de 2010.

Por outro lado, o Programa de Vixilancia Sanitaria desenvolvido por Soutos Galegos, entidade colaboradora da Asociación, ofertouse a todos os socios e participaron arredor de 100. A toma de mostras de sangue para a detección de enfermidades comezou hai dous anos e ao longo de 2010 e ata o de agora fixéronse 274 sangrías, dando todas elas resultado negativo fronte a enfermidades. Ademais, desenvolveuse un programa de desparasitación nas explotacións participantes.

Ao longo deste tempo tamén se solicitou a calificación de indemne de Aujeszky para as explotacións e algunhas están en trámite mentres que outras xa a conseguiron.

## Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela

A partir de 2011 vai ser obrigatorio na UE o control de salmonella. ASOPORCEL adiantándose á entrada en vigor desta nova lexislación, vén de asinar un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo é a realización dun estudo epidemiolóxico de prevalencia de salmonelose en Porcos Celtas no final do cebo. Ao longo dun ano serán analizadas mostras de 150 animais de dita Raza.



# ASOPORCEL: unha década de evolución

Evolución do número de **gandaría**s inscritas no Programa de Recuperación da Raza Porcina Celta ao longo desta década de existencia da asociación de criadores ASOPORCEL:


Ano	Total	Ano	Total
1999	12	2005	25
2000	18	2006	24
2001	11	2007	38
2002	30	2008	34
2003	26	2009	32
2004	34	1º trimestre 2010	23
<b>Total</b>		<b>307</b>	

Obsérvase o incremento do número de socios paulatino e se reflexa o influxo de que a sede da Asociación que estea ubicada na provincia de Lugo, onde se realiza unha maior promoción por proximidade xeográfica e por iniciativas da propia xunta directiva pertencente a esta provincia.

As promocións e as tarefas de difusión, tanto conferencias, simposiums, xornadas, charlas como outras actividades máis populares como feiras e eventos teñen unha repercusión positiva e se traducen nun efecto de atracción de cara á Raza que hoxe xa se crían en moitas explotacións galegas, onde algunhas delas fano de xeito profesional para a busca do beneficio económico pola produción propia ao teren esta un carácter diferenciado.

Evolución dos censos de animais:

Ano	Poboación total	Femias reproductoras	Machos reproductores
2001	623	194	49
2002	761	235	71
2003	1079	317	78
2004	1523	428	95
2005	1954	462	112
2006	2307	504	117
2007	2500	580	140
2008	2734	620	160
2009	3215	721	191



## Reunións da Xunta Directiva de ASOPORCEL: COPORCEL e ADS

A actividade frenética nos seis primeiros meses do ano a cargo do equipo de ASOPORCEL plásmase en primeiro lugar nas diferentes reunións da Xunta Directiva de dita Asociación. O mes de decembro de 2009, en marzo e o pasado 11 de xuño. Nas diversas reunións referidas, a Asociación evoluciona varios proxectos ata chegar á constitución dunha Entidade Comercializadora e da Asociación de Defensa Sanitaria de ASOPORCEL.

### COPORCEL

Tal e como se acordou, Coporcel SL nace coma sociedade comercializadora, constituída ante notario en Lugo o 17 de xuño de 2010 e da que todos os directivos de ASOPORCEL son membros constituíntes. A finalidade coa que nace Coporcel non é outra que a comercialización de porcos excedentes que quedan no campo e nas explotacións logo de seren satisfeita a demanda dos elaboradores comercializadores do Porco Celta que actualmente existen en Galicia. Dende xullo e ata outubro do presente ano, está aberto o prazo para todo aquel que, sendo socio de ASOPORCEL, quera participar de dita empresa e solicitar a súa alta coma socio. Para elo, fíxose unha cota única de 500 euros. Todos os interesados poden cubrir a súa solicitude e, xunto ao seu número de conta, presentala nas oficinas de ASOPORCEL ata o 30 de setembro. A primeiros do mes de outubro, terá lugar a celebración dunha asemblea con charlas informativas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, aproveitando a celebración de Expolugo 2010, onde a Asociación estará novamente con animais vivos. En dita asemblea farase pública a lista de socios participantes en dita entidade comercializadora, que redundará en ben dos gandeiros de Porco Celta.

### Agrupación de Defensa Sanitaria (ADS) de Porco Celta

A función coa que nace a Agrupación de Defensa Sanitaria (ADS) promovida pola xunta directiva de ASOPORCEL é dar a cobertura sanitaria necesaria aos gandeiros de Porco Celta para que as súas explotacións acaden a unha calificación sanitaria alta e poidan así levar a cabo sen problemas os movementos de animais necesarios para a súa comercialización e polo ben da difusión da Raza Porcina Celta. A ADS establecerá un programa sanitario que presentará á Subdirección Xeral de Gandaría da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural para a súa aprobación e a súa posterior execución en cada explotación de todos os gandeiros adscritos a dita ADS. O presidente da ADS de Porco Celta é Luís Lugilde Vélez, tal e como quedou reflexado na acta fundacional da mesma, asinada o 11 de xuño por toda a xunta directiva nas instalacións de Explotaciones Gallegas SL. Tras a constitución da ADS, tivo lugar unha comida de confraternidade por cortesía de Explotaciones Gallegas.

Mentres non se poñan en marcha as actividades e servizos da ADS de forma oficial e para non deixar de dar cobertura sanitaria aos gandeiros, que ata o pasado mes de abril eran servizos gratuitos por mor do Programa Sanitario, e tal como se acordou na Asemblea de Socios celebrada en abril, dende ASOPORCEL continuaránse efectuando labores sanitarios co custe económico máis axeitado a aqueles. Dita cobertura sanitaria será proporcionada a todos aqueles socios que o soliciten, ben si foron socios adscritos ao Programa Sanitario, ben si son socios de nova incorporación. A maiores, haberá outras actividades que non entrarán na ADS, tal e como se acordou na citada Asemblea. Tras ela e logo de presentar o informe económico dos gastos repercutidos en 2009 por temas sanitarios e clínicos, pasarase a aplicar outras tarifas de actos clínicos que non se encadran nos programas subvencionables, por exemplo, castracións.



## ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE GANDO PORCINO CELTA

Entidade colaboradora de:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

